

Á XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN, DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

Rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña

ASUNTO

Alegacións á solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, ao estudo de impacto ambiental (EIA) e ao proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre (expediente IN408A 2020/097), nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras, na provincia de A Coruña.

- Peticionario: CAPITAL ENERGY Comercializadora, S.L.U.C/Marqués de Villamagna, nº3, planta 5, 28001 Madrid
- Denominación: Parque eólico Legre
- Código do proxecto: IN408A 2020/097

Don/Dona _____ con DNI. Nº _____
_____, con domicilio a efectos de notificacións en _____
_____, municipio de _____
_____, provincia _____
_____, teléfono de contacto _____
_____.

EXPÓN:

Que en relación co anuncio da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, do 22 de xuño de 2022, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097), procedo a presentar, por medio do presente escrito, as ALEGACIONES PERTINENTES e manifestar a miña OPOSICIÓN á concesión da autorización para o parque eólico LEGRE, así como á autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico, que son obxecto do presente expediente, en base as seguintes,

ALEGACIONES

1.- AFECCION SEVERA AO PATRIMONIO CULTURAL.

O proxecto eólico fica nas inmediacións de diversos bens do patrimonio cultural. Nas inmediacións da ubicación do aeroxerador LEG03, a subestación e a torre anemométrica está catalogado a existencia dos restos dun castro romano, en concreto no lugar de O Castro, parroquia de Borrifáns.

2.- AUSENCIA DE AVALIACION DO PATRIMONIO INMATERIAL.

3.- A PREVALENCIA DA PROTECCION AMBIENTAL DA LEI 42/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

- a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.*
- b) A conservación e restauración da biodiversidade e da geodiversidad mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.*
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.*
- d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).*
- f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.*
- g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.*

4.- OUTRAS AFECCIÓNS:

Tendo en conta que a RAE define o medio ambiente como o “Conxunto de circunstancias o condicións exteriores a un ser vivo que inflúen en su desenvolvemento e en sus actividades”, paso a enumerar algunhas das que se verán afectadas de levarse a cabo a instalación do parque eólico Legre:

* **Desprazamento ou eliminación da fauna e flora existente**, especialmente como é o caso cando se trata de solo forestal e masas botánicas singulares e autóctonas e recollido no documento de inicio como impacto globalmente moderado.

Na actualidade hai na zona, alomenos, dúas zonas TECOR: O Sanatorio e Piñoi, cuxas actividades de caza, garantir a protección das especies e o seu aproveitamento veránse gravemente afectadas.

Os aeroxeradores afectan ao hábitat e os costumes das aves. As especies de avifauna que habitan na zona, tales como a “ave dos pitos” (gabián común), corvos, pega porca, pega rebuldá, corvo, anduriñas, pombos, rulas, carizos, paporrubíos, merlos, estorniños, gorrións, lavandeiras, coruxas, mouchos, morcegos, etc., etc., veránse especialmente perxudicadas, e incluso poden morrer ao chocar contra as aspas dos aeroxeradores e a súa estrutura.

* **Afección á saúde ambiental e a calidade de vida:** Os campos electromagnéticos asociados a un parque eólico de xeración de electricidade teñen efectos potenciais sobre as poboacións máis próximas como poden ser crear oscilacións nos sinais electromagnéticos empregados para comunicacións, creando unha zona oscura para as transmisións detectadas a un radio máximo de 10 quilómetros de distancia entre as turbinas, xerando interferencias televisivas con perdas de detalles, cor, son ou incluso con aparición de ruidos.

* **Ruido:** Niveis de ruido os habitantes das poboacións máis cercanas que provocan problemas cardíacos e alteración do sistema nervioso.

* **Efecto discoteca** das sombras das aspas en movemento que caen enriba das casas ocasionando un efecto moi molesto.

* **Accidentes** polo posible desprendemento de pezas. No inverno, as aspas poden acumular xeo e lanzalo a varios quilómetros de distancia.

* **Perda de valor** notable das casas e terreos ubicadas ata 3 quilómetros do parque.

* **Riesgo de caídas de raios:** Ao colocarse os muiños en puntos elevados e como deben ser máis altos que os obstáculos que os rodea, soen constituir puntos de descarga de electricidade estática durante as tormentas.

Tendo en conta que uns dos recursos económicos da zona é a explotación madeireira, é evidente do risco de incendio que supón a caída dun raio.

Tendo en conta que varios aeroxeradores están situados só a escasos 500 metros das vivendas os efectos negativos expostos veránse claramente incrementados.

Esta distancia de 500 metros ás vivendas considérase fóra de toda lóxica, xa que non ten ningún tipo de xustificación que as poucas persoas que residimos nas aldeas teñamos que sufrir que se intente colocar un aeroxerador ao lado de donde vivimos.

Lóxica aparte, entramos dentro do campo da legalidade: A Xunta de Galicia acaba de aprobar con efectos 1 de xaneiro de 2022 unha moratoria eólica e a distancia mínima á que poderán levantarse os aeroxeradores dos núcleos de poboación calcularase a partir da altura do muiño (pala incluída), que deberán multiplicarse por 5, isto é que no caso do parque eólico Legre debería distar mínimo 1.000 metros a calquera núcleo de poboación e non ós 500 metros que a promotora pretende instalar a maioría dos aeroxeradores.

En virtude de todo o anterior,

SOLICITA:

En virtude de todo o exposto,

- **SOLICITO:**

1º) A non construción do parque eólico en base ao rexeitamento á solicitude de autorización administrativa previa, á autorización administrativa de construción, ao estudo de impacto ambiental (EIA) e ao proxecto de interese autonómico (PIA) do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña).

2º) O arquivo definitivo do expediente pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na delimitación da poligonal do proxecto e a **FALLA DE LICENZA SOCIAL**.

Código do proxecto: IN408A 2020/097

En _____ a, ___ de _____ de 2022

Fdo.- _____